

O Segredo da Praia

Era verán e eu estaba farta de todo. Farta das clases, farta de escoitar sempre o mesmo en casa, farta de TODO. A miña nai díxome que fose á praia a ver se se me pasaba o mal humor, e alá fun eu co meu móbil sen moitas ganas.

A praia estaba chea de xente, como sempre. Familias cos seus nenos chillóns, parellas de mozos e velliños co seu bocata de tortilla. Eu só quería estar tranquila un rato.

Entón vin algo raro entre as rochas. Era como un brillo azul que non paraba de moverse. Pensei que sería lixo ou algo así, pero a curiosidade puido máis ca min e fóme achegar.

Cando cheguei ás rochas case morro do susto. Había unha rapaza alí sentada, pero non era normal. Tiña o pelo verde como as algas e os ollos brillaban como o mar cando lle dá o sol. E o mellor de todo... tiña unha cola de peixe!!!

— Non grites, por favor — dixo ela moi nerviosa.

Eu abríalle a boca pero non me saía nada. Unha sirena. Unha SIRENA DE VERDADE na praia de Riazor!

— Chámome Coral — dixo ela — e necesito axuda.

Resulta que Coral perdera un colar moi importante e sen el non podía volver ao fondo do mar. Eu pensei que era todo un soño, pero axudeina a buscar entre as rochas. Ao final atopámolo entre uns mexillóns.

Cando llo dei, Coral sorriume e dixo:

— Grazas. A xente como ti é pouca.

E desapareceu entre as ondas antes de que puidese preguntarlle máis cousas.

Cando volví á casa ninguén me creu, pero eu sei o que vin. E agora cada vez que vou á praia miro entre as rochas, por se acaso.

FIN

P.D.: Aínda non sei se foi real ou me deu unha insolación, pero gústame pensar que foi de verdade.